

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA  
15 DE XUÑO DE 2018**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ

MARÍA TERESA DEvesa GRAÑA

ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ

MARÍA ISABEL POISA REY

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA

MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE TRINTA HORAS (20.30) do dia QUINCE de XUÑO do DOUS MIL DEZAOITO, previamente convocados, reun3ronse os Sres. Concelleiros 3 marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco Garc3a Su3rez, a fin de celebrar unha sesi3n extraordinaria polo Pleno da Corporaci3n.

Sen incidencias.

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

### ORDE DO DIA

**ÚNICO.- Toma en coñecemento polo Pleno da Corporación da renuncia aos cargos de Alcalde e Concelleiro presentada por D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ, mediante escrito de data 12/06/2018, núm. 1943.**

Da conta o Alcalde do escrito de data 12.06.2018, polo que él mesmo pon en coñecemento do Pleno da corporación a súa renuncia aos cargos de Alcalde e á súa condición de concelleiro, escrito do que se deu traslado formal a cada un dos concelleiros e concelleiras, redactado nos seguintes termos:

*Francisco García Suárez, Alcalde - Presidente do Concello de Allariz, mediante o presente escrito quero deixar constancia diante do Pleno da Corporación Municipal da miña renuncia ao cargo de Alcalde e tamén a renuncia ao cargo de Concelleiro da Corporación Municipal de Allariz.*

*Foi para min unha honra ter servido aos veciños e veciñas de Allariz ao longo deste anos traballando polo desenvolvemento económico e social do noso Concello.*

*Moitas grazas ao pobo de Allariz polo apoio recibido para impulsar o proxecto municipal nacionalista do BNG e a transformación positiva de Allariz nestes mandatos e as miñas disculpas por todo o que non fomos capaces de materializar, por todo o que non fomos quen de realizar.*

*Penso que a política paga a pena e pode millorar a nosa realidade económica ,social e cultural. Por eso sempre defendemos a participación social no noso Concello para cambiar as cousas e sen dúbida aquela revolta do 89 que marcou as nosas vidas e mudou o rumbo de Allariz seguirá presente na política municipal para facer un concello exemplar do que todos e todas nos sintamos orgullosos.*

*Mil grazas aos funcionarios e traballadoras municipais pola súa implicación e compromiso, aos compañeiros do grupo de goberno do BNG pola súa confianza, entrega e entusiasmo e aos grupos municipais do PP e PSOE polas súas críticas e aportacións.*

*Todo o meu apoio e confianza a Cristina Cid Fernández e ao equipo de goberno consciente que inciarán unha nova etapa co liderazgo dunha muller, unha alcaldesa por primeira vez en Allariz, preparada, con experiencia, traballadora infatigable e que sinte Allariz con paixón. Unha muller con cabeza e corazón para acadar novas metas e converter en realidade moitos proxectos para o noso Concello.*

*O pasado 19 de maio cumpríronse 50 anos da publicación do “Acomodador e outras narracións” de Marcial Suárez que pola xenerosidade da súa familia está depositado neste Salón de Plenos coas láminas orixinais debuxadas polo grande artista Luis Seoane.*

*O Marcial decía que o pobo de Allariz era tan humano que só lle faltaba morrer .*

*Afortunadamente o amor dos veciños e veciñas por Allariz fixo e fará que o noso pobo non morra nunca, que sexa inmortal e perdure de xeración en xeración para felicidade nosa e tamén do propio Marcial Suárez.*

Despois da lectura do escrito, o Alcalde renunciante, despois de agradecer as mostras de cariño expresadas cun caluroso aplauso polos concelleiro e público asistente, sinalou que, aínda que non está moi afeito a estes actos de despedida, mais ben era experto en tomas de posesión: no 2000, no 2003, no 2007, no 2011 e no 2015, dito sexa con algo de humor. Seguramente, houbera sido mais fácil recurrir ao que o seu amigo Luis Nogueira cando dí marchou porque teño que marchar ou, xa que estamos tamén así nunha tarde tan distendida, despois de marchar o Cura don José, por qué non vai marchar o Alcalde. Hoxe, sinala, como tantas veces dixo ó remate dos seus discursos quizá sería o día de empezar precisamente pola parte final, apelando aquilo de *íánimo e adiante!*

No 2019, continúa, farán 30 anos daquél movemento político que puxémos en marcha e que, sen dúbida, pagou a pena, a forza do noso amor por Allariz non foi inútil, e nombrando a Uxío Novoneyra, para él tamén foi unha experiencia inolvidable da que aprendeu moito en todos estes anos no traballo municipal.

Temos avanzado na transformación positiva do noso concello, temos posto en valor a política como unha tarefa indispensable para cambiar as cousas e sobre todo temos feito de Allariz un referente para Galicia; confianza nas nosas potencialidades, orgullo do noso, mellora das condicións de vida, garantía de futuro.

Declara ter recibido numerosas mensaxes, felicitacións, que nunca toma, sinala, como felicitacións persoais, mais ben pensa que son parabéns para un pobo que decidiu tomar as rendas do seu destino. Unha destas mensaxes, dunha xornalista, dun medio galego, coa que non ten un trato especial, expresoulle hoxe ó mediodía, o seguinte: “Hola, Paco, cando confirmaches a túa marcha sentín a necesidade de escribir para agradecerche, como galega, todo o que tes feito desde 1989 por conseguir que unha parte deste País sexa como poderían ser todos se fóramos quen de facer as cousas como é debido. Se me permites, hai unha parte de biografía persoal naquela aventura que rematou demostrando que a boa política mellora a vida da xente. Noraboa de verdade, unha grande aperta!”.

Esto é para o pobo de Allariz, afirma o Alcalde.

Pensa o Alcalde que nesta etapa, no noso pobo, ten sido clave, en primeiro lugar, ter un proxecto claro, vontade política para poñelo en marcha, esforzo por conseguilo, por aplicalo; ten sido un puzzle no que cada ano, en cada etapa, en cada momento, conseguimos poñer pezas que melloran o puzzle, ó tempo que vai necesitando de novas pezas. Cree o Alcalde

que ten sido chave contar cun equipo con paixón, con entusiasmo por Allariz, e ten sido absolutamente imprescindible o apoio social e a participación do pobo de Allariz nesa transformación, neste cambio.

Agora, vamos iniciar un novo ciclo, unha nova etapa, que vai ter sen dúbida un novo impulso neste trixésimo aniversario, un novo impulso por unha xeración que me acompaña eiquí en boa medida e, sobre todo, pola man feminina dunha muller comprometida, capaz, honesta, preparada, con experiencia, e cun gran equipo detrás, que merece un especial recoñecemento pola vocación de servizo demostrada nos diferentes ámbitos, pero dentro do grupo de goberno, permíteme, Bernardo [Varela López, concelleiro de medio ambiente] que che diga que moi poucos cargos públicos teñen esa entrega, esa vocación de compromiso, de servir ó pobo, ese lema que no 89 puxemos de moda Allariz, un concello ó servizo do pobo cando dicíamos que “o mellor Alcalde é o pobo”. Tes que coidalo un pouco, afirma o Alcalde, nunha apelación directa ó concelleiro de medio ambiente, porque Moraima e Senxo, e Bea, dirán que é excesiva a adicación á empresa e a prontitude na resposta a todo o que se demanda. Un gran equipo, sinala, e nesa paixón por Allariz sen dúbida Cristina [Cid Fernández] vai asumir iste traballo, iste liderazgo cun gran bagaxe. Non é unha persoa que acaba de chegar, é unha persoa, que na súa área de promoción económica ten mantido un dos puntos fortes da estratexia do grupo de goberno, ese Allariz, Vila de vida, que se expresa, que se manifesta, que se sinte, que ten o reflexo na propia demografía, 6.268 habitantes, dicían hoxe os últimos datos do padrón; empezamos en 5.015. Éste é un dos datos dos que nos sentimos mais orgullosos, afirma.

Cristina [Cid Fernández], ademais da súa preparación, ten sobre todo, paixón e imaxinación. A miúdo, o feito de ser muller faino mais difícil, os homes vimos eiquí, poñemos os traxiños, estamos ben, e rápidamente temos a aparencia de bos xestores, pero ás mulleres a veces lles costa mais. Por sorte, na nosa corporación municipal, no grupo de goberno, o feito de que da man do BNG tamén teñamos unha Alcaldesa por primeira vez cree que é moi importante para Allariz, nesa loita pola igualdade, nesa necesidade de visibilizar o papel das mulleres, Cristina, sei que vas ter unha gran responsabilidade, pero tamén sei da túa capacidade, do teu amor e paixón por Allariz. Cristina [Cid Fernández] non só imaxina, crea, é capaz de poñer o chandal e facer esa ambientación do Nadal ... no que despois non deixamos de facer selfies, fotos, para enviar e colapsar as redes sociais, qué bonito está en Allariz, cómo nevou en Allariz... É unha muller que sempre apostou por Allariz, unha aposta que non é fácil, porque Cristina [Cid Fernández] tivo moitas oportunidades no ámbito profesional para escoller outro rumbo, pero ela decidiu seguir eiquí por Allariz, polo tanto, o meu inmenso apoio, colaboración e que non che quepa a menor dúbida de que vas ser unha grande Alcaldesa, afirma.

Como o Sr. Secretario municipal pediume que quedase explícitamente claro que o Pleno toma razón da miña renuncia como Alcalde e tamén á condición de concelleiro, se ben non vamos votar, non vaia ser que haxa un voto negativo, polo tanto podemos declarar que por

asentimento unánime da Corporación municipal queda aceptada e tómase razón da miña renuncia, por suposto que seguirei traballando por este concello dende outros ámbitos, por suposto que nunca deixarei de colaborar co grupo de goberno no traballo do día a día, por suposto que toda a experiencia que temos acumulada está ó servizo do progreso e desenvolvemento económico e social de Allariz, pero eu quería facerlle hoxe a Cristina [Cid Fernández], se me permitides, antes de que ela tome as rendas desta Corporación, quería facerlle dous detalles. Xa que ven sendo unha tradición, sinala, que o Alcalde sexa integrante dos homes do sedeño convén facerlle entrega, como agasallo, dunha camisa branca que identifica ós homes do sedeño. Non quere poñer a integridade da Alcaldese en perigo, proclama, de ningunha das maneira, é algo opcional; en todo caso, o que non é opcional é que o espírito da Festa do Boi, que cohesiona, que une Allariz, que fai do noso concello un referente, esta camisa de gala, dos homes do sedeño, de todo o corazón, que esté presente sempre nise mandato contigo (entrégalle unha camisa branca). O segundo agasallo, que casi podería ser unha revancha, afirma, (recorda cándos os membros do grupo de goberno con motivo do seu cumpleños no 2007, cando cumpriu 50 anos, tiveron a ben agasallalo cun maletín para subir e baixar polo Portelo cos artigos e papeis municipais dixéronlle daquela que 50 anos daban para moito, para fundar unha familia, para ter unha perspectiva na vida, para ter un compromiso con este pobo) agora, como xa estamos na idade dixital, xa non fai falta un maletín tan grande, pero como lle pode ser de utilidade un maletín tipo bolso, coiro made in Allariz, do museo do coiro, marroquinería de calidade, para que todos eses proxectos que Allariz aínda ten, ese centro de convencións ó que aspiramos, esa mellora de moitas das nosas infraestructuras, ese Centro de Interpretación da Idade Media, e moitos outros, van coller dentro desa carteira que a acompañará nesta etapa dixital, e que para él é unha grande satisfacción entregarlle con ese desexo para que se encha de proxectos para Allariz. Faille entre deste pequeno meletín.

Chegados a este momento para él, sinala, é unha liberación poder dicir, Cristina, éste é o teu sillón, como 1ª Tte de Alcalde, unha vez tomada razón polo Pleno da Corporación da súa renuncia ao cargo, xa eres Alcaldese en funcións e o día 21 acompañarémote eiquí na túa toma de posesión como Alcaldesa, conclúe o Alcalde, e cédelle a presidencia da sesión.

Seguidamente, o Pleno pola unanimidade dos trece concelleiros que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

*PRIMEIRO. Tomar razón, coñecemento e aceptación da renuncia ao cargo de Alcalde e á súa condición de concelleiro de D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ.*

*SEGUNDO. Comunicar á Xunta Electoral de Central o nome da persoa a quen corresponde cubrir a vacante que, a xuízo desta Corporación, é doña OLGA QUINTANA DEVESA, que é a candidata seguinte da lista electoral que figura no posto número 10 da candidatura proclamada (BOP núm. 95, do martes 28 de abril de 2015) do Bloque Nacionalista Galego - Asembleas Abertas (B.N.G.) solicitando a expedición da correspondente credencial.*

*TERCEIRO. Expedir certificación do presente acordo para ser remitido á Xunta Electoral Central.*

Por último, a petición dos grupos municipais acéptase conceder un turno de intervencións.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, manifesta o seu desexo de intervir para ter a oportunidade de poder despedir con agarimo, afirma, co que vostede nos acolleu eiquí neste Salon de Plenos a todos os grupos da oposición, na medida en que nos fomos incorporando á vida política de Allariz, e tamén nos apetece ofrecerlle unhas palabras, e darlle a súa despedida como Alcalde, que non como persoa, nin como veciño, tampouco como amigo.

Dende o grupo municipal do Partido Popular queremos trasladarlle a nosa gratitude polos servizos prestados para con Allariz durante os seus anos de mandato, foi unha honra traballar ó seu carón dende a oposición, todos cun mesmo obxectivo, que é o benestar do noso pobo e dos nosos veciños. Recoñecemoslle a súa calidade como político no debate e no respecto que dende as propias creenzas nos permitiu avanzar nun Allariz mellor, onde hoxe podemos dicir que a convivencia política das distintas formacións que cada ún dos nosos grupos representan, é unha realidade que en poucos lugares neste momento da historia se vive. Hoxe é o seu día, un día que estimamos delicado para vostede, porque se despide dos seus veciños e ésa seguramente foi unha decisión non doada, difícil, a emoción que hoxe o embarga o demostra; seguramente o corazón dictaba ordes contradictorias e entendemos que éste é un momento para disfrutar desa merecida despedida por parte dos veciños que hoxe nos acompañan. Desexámoslle que esta nova etapa que comenza sexa para vostede tan satisfactoria e gratificante como foi a da que hoxe se despide. Que na súa vida persoal lle agarden tantos éxitos como colleitou na súa vida política e acollemos con agrado, Cristina, a decisión de que Allariz quede ó cargo do liderazgo dunha muller. Hoxe Allariz está mais cerca da igualdade real, e dende o noso grupo manifestamos a nosa disposición, como sempre, ó diálogo constructivo e o noso respecto á nova Alcaldese que será dentro duns días a Alcaldesa de todos. Unha aperta e ata sempre, Paco, conclúe a portavoz do Partido Popular.

Polo grupo municipal socialista do PSdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, tamén manifesta o seu desexo de expresar unhas palabras de despedida do noso Alcalde, afirma. Vai ser moi breve, sinala, porque xa non queda moito que dicir a maiores do que todo está dito, pero tal e como estivo o panorama político nos derradeiros anos permanecer durante tanto tempo ó fronte da alcaldía é un logro digno de mención. Neste longo tempo, como en todos os aspectos da vida cotiá, seguramente habería momentos de luces e sombras, pero dende o grupo municipal socialista queremos recoñecer, para non faltar á verdade, que as luces prevalecen sobre as sombras, coa súa entrega e dedicación ó servizo público. Nestes días vivimos un episodio de recuperación da dignidade política, unha dignidade política que vostede tamén practicou como servidor público. Así pois, dende o grupo municipal socialista o mellor na súa nova andaina, aínda que nos da a sensación que lle vai custar adaptarse á súa nova realidade, posto que a vostede sempre lle gustou moito levar a aguillada. Moita sorte Alcalde, seguiremos a vernos polas rúas empedradas do noso pobo de Allariz, conclúe a portavoz do grupo socialista.

O Alcalde da as grazas por estas palabras.



Tras un caluroso aplauso a 1ª Tte de Alcalde, Maria Cristina Cid Fernández, que desde iste momento substitúe, por mandato legal, en todas as súas funcións ó Alcalde, *dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

*A Alcaldesa en funcións, María Cristina Cid Fernández. Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

---